

OFERTA FORMATIVA 2023

CAPACITACIÓN AVANZADA EN FERRAMENTAS TIC

▶ DISEÑO DE PÁGINAS WEBS CON WORDPRESS

Obxectivo: Xestionar de forma completa a plataforma wordpress, aprendendo a configurar e administrar a túa web. Ademais, este curso capacitache para engadir contido de calidade á web con imaxes e ligazóns que fagan que as túas publicacións sexan moito mais interesantes.

Duración: 30 horas presenciais.

▶ DISEÑO DE CONTIDOS INTERACTIVOS. CANVA E GENIALLY

Obxectivo: Adquirir os coñecementos no manexo das ferramentas Canva e Genially. Canva permite realizar elegantes deseños visuais con moi poucos clics de rato, comezando desde cero ou reaproveitando deseños xa existentes. Con Genially aprenderás a crear presentacións animadas e interactivas a través de distintos recursos como infografía, presentacións, xogos...

Duración: 30 horas presenciais.

▶ SINCRONIZACIÓN DE DISPOSITOS E CONTROL PARENTAL


Obxectivo: Como afrontar as redes sociais dos nosos fillos, control parental e uso responsable da internet... A día de hoxe, os datos indican que o acceso á rede de menores está a crecer día a día. Raro é o fogar onde non existe algún dispositivo con acceso a internet. Por ese motivo, é cada vez máis necesario ter ferramentas que axuden a controlar o uso que os nosos fillos do entorno dixital.

Duración: 15 horas presenciais.

▶ RETOQUE FOTOGRÁFICO

Obxectivo: Adquirir as habilidades precisas para debuxar, deseñar logos, crear iconos, retocar e restaurar as túas fotografías... Tanto empregando GIMP, como usando outros programas de retoque fotográfico.

Duración: 30 horas presenciais.



▶ CLOUD COMPUTING

Obxectivo: Descubrir que é o "traballo na nube" usando tanto aplicacións para a Xestión da Información (tipo Dropbox) como ferramentas de presentación (Prezi, Glogster, Caoo...)

Duración: 30 horas presenciais.

ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA. E-ADMISTRACIÓN

▶ USO DO DNI-E / CHAVE / CLAVE / PIN / CERT. DIXITAL

Obxectivo: Aprender a solicitar e obter as diferentes opcións de acreditacións dixital, diferenciar os seus usos máis habituais e as normas a seguir para que o seu emprego sexa seguro.

Duración: 4 horas presenciais.


▶ TRÁMITES ELECTRÓNICOS E E-ADMINISTRACIÓN. SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE VILAGARCÍA

Obxectivo: Coñecer os diversos trámites que actualmente se poden realizar coa Administración de forma telemática: solicitude de certificados, vida laboral, etc...

Farase especial referencia ao uso que se lle pode dar na Sede Electrónica do Concello de Vilagarcía: formularios de solicitude, certificados de padrón, pagamento de recibos..., ben dispoñendo dun DNI-E ou Certificado Dixital ou ben mediante o rexistro como usuario.

Duración: 4 horas presenciais.

GRATUÍTOS
MARZO - NOVIEMBRE



INCLUSIÓN E CAPACITACIÓN DIXITAL

CURSOS 2023

+ INFO E INSCRICIÓN:

PRESENCIAL na Aula CEMIT.
Centro de formación permanente de Matosinhos.
Horario: 9.00-14.00h

ORGANIZA:



ORGANIZACIÓN TÉCNICA:

KAEME
CONSULTORÍA Y PREVENCIÓN

OFERTA FORMATIVA 2023

INCLUSION DIXITAL

► INICIACIÓN Á INFORMÁTICA E INTERNET PARA ADULTOS

Obxectivo: Adquirir habilidades prácticas no uso da internet e as súas principais aplicacións, así como para realizar xestións telemáticas e trámites administrativos. Este curso está dirixido a todas aquelas persoas que, por motivos formativos ou xeneracionais, non tiveron acceso ás novas tecnoloxías e desexan adquirir os coñecementos básicos que lles permitan adquirir as habilidades precisas para desenvolverse con soltura na sociedade actual.

Duración: 30 horas presenciais.

► CORREO ELECTRÓNICO: WEBMAIL

Obxectivo: Actualmente, é imprescindible utilizar a técnica adecuada para manexar todas as posibilidades que ofrece o correo electrónico. No ámbito profesional e persoal, este medio de comunicación converteuse no máis utilizado. Protocolos de transporte, configuración dunha conta de correo, agregar firma, inserir son, caderno de direccións, creación de contas de correos, webmail...

Duración: 15 horas presenciais.

► SEGURIDADE NA REDE

Obxectivo: Adquirir os coñecementos necesarios para navegar con seguridade na internet. Con esta formación poderás coñecer o ámbito da seguridade na rede para evitar ataques ou virus. Así, poderás escoller as medidas de protección adecuadas e ademais aprenderás a identificar as páxinas web “de confianza”.

Duración: 15 horas presenciais.

► INCLUSIÓN DIXITAL EN DISPOSITIVOS MÓBILES

Obxectivo: Adquirir os coñecementos necesarios para descargar /configurar as aplicacións máis habituais nos dispositivos móbiles e ter acceso a datos, fotografías e/ou documentos que se precisan na actividade diaria. Veremos tamén o uso de aplicacións como Sergas Móbil ou programas que permitan escanear códigos QR.

Duración: 15 horas presenciais.

OFIMÁTICA EN SOFTWARE LIBRE

A migración a software libre xa é un feito en varias comunidades autónomas, entre elas, Galicia, na que a Administración conta coa instalación en todos os seus equipos do paquete LibreOffice.

Estes cursos permitirán aos participantes manexar tanto o procesador de textos como a folla de cálculo e base de datos, así como elaborar presentacións en software libre. Existiran dúas modalidades deste curso: **nivel básico**, para aqueles alumnos que non teñen nocións do uso desta ferramenta; e **nivel avanzado** para aqueles que, tendo xa unha base, pretendan perfeccionar o seu uso.

► PROCESADOR DE TEXTOS

Obxectivo: Adquirir coñecementos no manexo da aplicación Writer: crear un documento, darlle formato, inserir viñetas e imaxes...e perfeccionar o manexo da aplicación sacándolle o máximo aproveitamento a todas as opcións que ofrece para crear documentos de texto.

Duración: 30 horas presenciais.

► FOLLA DE CÁLCULO

Obxectivo: Adquirir coñecementos no manexo da aplicación Calc: celdas, fórmulas, táboas, filtros... e perfeccionar o manexo da aplicación.

Duración: 30 horas presenciais.

► ELABORACIÓN DE PRESENTACIÓNS

Obxectivo: Adquirir coñecementos no manexo da aplicación Impress: crear unha presentación, darlle formato a cada diapositiva, inserir imaxes, programar ás vistas da presentación...

Duración: 30 horas presenciais.

► BASE DE DATOS

Obxectivo: Adquirir coñecementos básicos no manexo da aplicación Base: crear unha base de datos, relacionar datos, elaborar informes...

Duración: 30 horas presenciais.

ORIENTACIÓN AO EMPREGO

► REDES SOCIAIS E PROCURA DE EMPREGO

Obxectivo: Aprender a manexar as ferramentas da web 2.0 orientadas ao terreo laboral e á imaxe dixital. Coñecerás as oportunidades que ofrece Internet para o teu futuro profesional. Ademais, aprenderás a desenvolver a túa propia marca nas redes máis básicas e imprescindibles: Facebook e Twitter. Crearás e aprenderás a xestionar perfís en Infojobs. Tamén se realizará un CV adecuado en función dos obxectivos do mesmo, estudando os contidos e vendo diversos formatos e plantillas, sen esquecer o C.V. europeo: Currículum Vitae Europass.

Duración: 30 horas presenciais.

► DESEÑO DUN PERFIL PROFESIONAL

Obxectivo: Aprender a deseñar un perfil profesional baseado na proposta de valor e o coñecemento do destinataio. Aprenderás a crear a túa marca persoal para facer a diferenza con outros candidatos.

Duración: 15 horas presenciais.

